



---

DITAME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN PRIMARIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

---

O Pleno do Consello Escolar de Galicia, na súa sesión do día 6 de marzo de 2007, emite o seguinte ditame en relación co Proxecto de decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

- 1.- O Consello Escolar de Galicia propón que se substitúa no parágrafo trece do preámbulo (páxina 2, liña 23) a expresión: “ensino primario”; pola seguinte: **“educación primaria”**.
- 2.- Para o texto do artigo 1 (páxina 3, liña 16) propónse que se engada ao final do parágrafo a seguinte expresión **“A educación primaria consta de tres ciclos que se organizarán en áreas cun carácter global e integrador”**.
- 3.- Propónse a substitución da palabra “minusvalidez” que aparece no apartado d) do artigo 3 (páxina 4, liña 16) por **“discapacidade”**.
- 4.- Propónse a substitución de: “a lingua castelá, a lingua galega” que aparece no apartado e) do artigo 3 (páxina 4, liña 18) por: **“a lingua galega, a lingua castelá”**.
- 5.- Propónse a substitución de “o seu ámbito natural” que aparece no apartado h) do artigo 3 (páxina 4, liña 29) por: **“o seu contorno natural”**.
- 6.- Propónse a supresión de: **“da Comunidade Autónoma”** que aparece no apartado h) do artigo 3 (páxina 4, liña 30).
- 7.- O Consello Escolar propón un novo texto para o punto 4 do artigo 4 (páxina 6, liñas 1 a 5), que diga: **“Os centros docentes desenvolverán e concretarán o currículo establecido no presente Decreto. Estas concrecións formarán parte do proxecto educativo, así como o tratamento nas distintas áreas da educación en valores, a educación moral e cívica, a educación para a paz, a igualdade de oportunidades entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, para a saúde e calidade de vida, a educación para o lecer, a educación do consumidor e a vial”**.



8.- No punto 3 do artigo 5 (páxina 6, liñas 18 e 19), propónse a substitución do texto: “A ensinanza da música, da educación física e dos idiomas serán impartidos por mestres coas especialidades correspondentes”; polo seguinte: **“As ensinanzas de música, educación física e dos idiomas estranxeiros serán impartidas por mestres coa especialidade ou habilitación correspondente”**.

9.- No punto 1 do artigo 8 (páxina 7, liña 29), o Consello Escolar propón que se engada ao final do texto, o seguinte: **“... e deberá ter en conta o progreso do alumnado no conxunto das áreas”**.

10.- Para o punto 4 do artigo 8 (páxina 8, liñas 4 a 7), propónse unha nova redacción: **“Se no proceso de avaliación se advertise que un alumno ou alumna non ten un progreso adecuado, o centro educativo, unha vez detecte as dificultades de aprendizaxe, adoptará as medidas necesarias coa finalidade de que o alumnado afectado adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo”**.

11.- No punto 3 do artigo 9 (páxina 8, liñas 25 e 26), propónse a substitución da expresión: “recuperación dos ditos aprendizaxes”; pola seguinte: **“recuperación das ditas aprendizaxes”**.

12.- Propónse a adición do texto: **“atenderá a conciliación profesional e familiar”** no punto 3 do artigo 14 (páxina 10, liña 12), despois de: “...permanente coas familias do alumnado,”

13.- No punto 3 do artigo 14 (páxina 10, liña 15), propónse a adición da expresión: **“se é o caso,”**, despois de: “... sen prexuízo,”; e antes de: “das competencias...”

14.- O Consello Escolar de Galicia propón a inclusión dun novo punto (8) na disposición adicional (páxina 13, liña 27), co seguinte texto: **“A Administración educativa poderá autorizar que unha parte do currículo se imparta en linguas estranxeiras, sen que iso supoña modificación dos aspectos básicos do currículo regulados no presente Decreto. Os centros que impartan unha parte das áreas do currículo en linguas estranxeiras non poderán incluír en ningún caso requisitos lingüísticos entre os criterios de admisión de alumnos”**.

15.-. Propónse a substitución do terceiro parágrafo do *Anexo I: Competencias básicas* (páxina 15, liñas 16 a 24), polo seguinte: **“A inclusión das competencias básicas no currículo ten varias finalidades: integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, como doutro carácter; permitirlles a todos os estudantes poñelas en relación con distintos tipos de contidos; utilízalas de xeito efectivo cando lles resulten necesarias en diferentes situacións e contextos, e orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e**



**de aprendizaxe, a metodoloxía, a organización dos centros educativos, as relacións persoais e a participación de toda a comunidade educativa”.**

16.- No sexto parágrafo do *Anexo I: Competencias básicas*, último punto e seguido (páxina 16, liña 7), propónse a supresión da expresión: **“Para rematar”**. O texto continuaría como: “A planificación das actividades ...”.

17.- No cuarto parágrafo do apartado *Competencia en comunicación lingüística* (páxina 17, liña 23), propónse a adición da palabra: **“clasisistas,”**, despois de “expresións”.

18.- No último parágrafo do dito apartado *Competencia en comunicación lingüística* (páxina 18, liña 36), propónse a adición do texto: **“, lingua propia de Galicia,”**, despois de “o galego”.

19.- No apartado *Competencia social e cidadá*, no parágrafo segundo (páxina 24, liña 16), propónse a inclusión do seguinte texto: **“en correspondencia cos obxectivos da etapa, acordes, á súa vez, co desexable desenvolvemento evolutivo xeral do alumnado”**; despois de: “... e dos seus problemas”.

20.- No apartado *Competencia dixital e tratamento da información*, propónse a adición dun novo punto: **“Matemáticas”**, no subapartado *Áreas máis directamente relacionadas*, (páxina 32, liña 24).

21.- No anexo II, apartado *Metodoloxía xeral*, segundo parágrafo (páxina 36, liña 23), propónse a substitución do texto: “deberán ser esencializados”; polo seguinte texto: **“esenciais deberán ser considerados”**.

22.- No parágrafo terceiro dese mesmo apartado (páxina 36, liña 26), propónse un texto de adición ao final do parágrafo, que diga: **“... promovendo a globalización”**.

23.- No apartado *Área de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural*, cuarto parágrafo (páxina 39, liña 13), propónse a adición do texto: **“cos demais seres humanos e,”**, despois de “interaccións deste”.

24.- No apartado *Obxectivos* desa mesma área, no punto terceiro (páxina 40, liña 18), propónse engadir ao final o seguinte texto: **“... a partir da propia identidade”**.

25.- No primeiro punto do apartado *Bloque 1. Os seres humanos e a saúde*, (páxina 41, liña 29), propónse a substitución de: “... do home e da muller como seres vivos...”; por: **“do ser humano como ser vivo”**.

26.- No *Bloque 5: O paso do tempo* do apartado *Contidos. Segundo ciclo*, desa mesma área, (páxina 52, liña 10), propónse un texto de adición ao final: **“, diferenciando o tempo biolóxico do tempo histórico”**.



27.- No punto seis do apartado *Criterios de avaliación. Terceiro ciclo* (páxina 65, liña 9) propónse a adición de: **“escolares,”** diante de “(...municipais, autonómicas, estatais e comunitarias)”.

28.-, No punto oito do apartado *Obxectivos da Área de Educación Artística*, (páxina 69, liñas 20 a 26), o Consello Escolar de Galicia propón que ese punto se divida en dous, quedando un deles dende: “Coñecer algunhas...”, ata: “... outros medios e materiais”; e, o outro, dende: “Valorar e compartir...”, ata o final.

29.- No décimo quinto parágrafo do apartado *Área de Lingua Galega e Literatura*, (páxina 89, liñas 29 e 30) propónse a substitución do texto: “... coexisten dúas linguas en contacto estreito e cotián”; polo seguinte: **“... hai un conflito lingüístico pola existencia de dúas linguas con diferentes estatus, estando unha delas, a galega, aínda minorizada”**.

30.- Así mesmo, propónse que, ao final do parágrafo décimo sexto (páxina 90, liña 8), se inclúa o seguinte texto: **“Na vida diaria da escola prodúcense moitas situacións de comunicación oral que se potenciarán e aproveitarán para acadar obxectivos da área, entre estas situacións están: as comunicacións para planificar; chegar a consenso; poñer en común; debater; tomar decisións sobre procesos que se van seguir; establecer responsabilidades; comunicar resultados; comparar; contrastar respostas, opinións e significados; xustificar e verbalizar estratexias; valorar tarefas; transmitir emocións e informacións; estruturar coñecemento; defender argumentos e puntos de vista; preguntar..., e ser vehículo e instrumento para a aprendizaxe das distintas áreas do currículo.”**

31.- Para o punto nove do apartado *Obxectivos* (páxina 90, liña 31) propónse a adición de: **“...como lingua propia e...”**, despois de “lingua galega”.

32.- No apartado *Contidos. Segundo ciclo. Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua*, propónse a supresión do punto sete (páxina 99, liñas 15 e 16): **“Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega”**.

33.- Propónse a supresión do punto doce do apartado *Criterios de avaliación. Segundo ciclo*, (páxina 103, liñas 11 a 15) **“Comparar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega...”**

34.- Así mesmo, no punto quince dese mesmo apartado, (páxina 104, liña 10) propónse a substitución do texto: “... de reforzo de aspectos da lingua galega ...”; polo seguinte: **“... de aspectos de lingua (gráficos, sintácticos, léxicos, semánticos),”**.

35.- No apartado *Contidos. Terceiro ciclo. Bloque 2. Ler e escribir* (páxina 106, liñas 23 e 33) propónse que se suprima a palabra: **“galega”**.



36. Proponse a supresión do punto 7 do apartado *Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua* (páxina 107, liña 30) **“Valoración das variedades lingüísticas da lingua galega.”**

37.- Así mesmo, e en consonancia co anterior, proponse a supresión do punto 9 dese mesmo apartado (páxina 108, liñas 1 e 2) **“Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega.”**

38.- Proponse tamén a supresión da palabra: **“galega”** no punto catro do apartado *Criterios de avaliación. Terceiro ciclo*, (páxina 109, liña 27).

39.- Nese mesmo apartado o Consello Escolar de Galicia propón que se suprima o punto once: **“Analizar textos orais e escritos producidos en diferentes variedades da lingua galega”**. (páxina 111, liñas 30 a 35).

40.- No último punto dese mesmo apartado (páxina 112, liñas 20 e 23), proponse a substitución da expresión: **“en lingua galega”**, e da expresión: **“na lingua galega”**.

41.- Proponse a supresión do punto 7 do *Bloque 3. Reflexionar sobre a lingua* (páxina 124, liña 16) **“Comparación de textos orais e escritos producidos en diferentes variedades de lingua”**.

42.- No apartado *Área de Lingua Estranxeira*, o Consello Escolar de Galicia recomenda que se teña en conta no texto introdutorio (páxina 139, liñas 6 a 12) que na aprendizaxe do idioma estranxeiro, nos dous primeiros ciclos da ensinanza primaria, a etapa produtiva non é inmediata á de comprensión (período de silencio).

43.- No apartado *Obxectivos* proponse a adición dun novo punto entre o sexto e o sétimo (páxina 140, liña entre 18 e 19), co seguinte texto: **“Coñecer aspectos doutras culturas que utilizan a lingua estudada e amosar unha actitude de respecto cara ás mesmas”**.

44.- No apartado *Área de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos*, proponse a substitución do segundo parágrafo da introdución (páxina 183, liñas 6 a 18) polo seguinte: **“A formación da persoa debe ter un carácter integral que abrangue todos os ámbitos: a mente, o corpo, a identidade persoal, o emocional e o social. En toda esta construción, que cadaquén vai facendo ao longo da súa vida, os anos de escolarización obrigatoria son cruciais para que as bases deste desenvolvemento persoal se vaian fraguando dun xeito harmónico e equilibrado. Tradicionalmente e no noso contexto era clara a prioridade que nos procesos de educación formal se lle concedía á formación intelectual, nun senso acumulativo de limitados saberes, con habitual esquecemento das outras dimensións da persoa, pero os coñecementos de que dispoñemos na actualidade, procedentes das investigacións levadas a cabo, en particular, no campo das ciencias psico-pedagóxicas, indícanos que debemos contemplar ás diversas dimensións formativas, que ademais interactúan entre elas.**



**Nesta perspectiva, salienta actualmente a constatación, menos considerada noutrora, de que en calquera das aprendizaxes que realicemos a compoñente emocional ten unha influencia decisiva. É así como hai que contemplar o desenvolvemento corporal, o cognitivo, o moral e o social, e resulta tamén imprescindible o traballo en todo o referente á intelixencia emocional intrapersoal e interpersoal, mediante estratexias e procedementos para que as persoas se coñezan mellor e sexan quen de identificar, recoñecer, controlar e modular madurativamente os impulsos, as emocións e os sentimentos, para, deste modo, desenvolver aspectos imprescindibles (empatía, autodominio, capacidade de traballo en colaboración, comprensión do outro...) para ser quen de desenvolverse no mundo, con actitudes de autonomía, de respecto e de cooperación solidaria”.**

**45.-** O Consello Escolar de Galicia recoméndalle á Administración educativa que no *Anexo IV: Plan Lector* se indique expresamente que un dos seus obxectivos fundamentais será o de contribuír á normalización do uso do galego no centro.

**46.-** Así mesmo, recomenda tamén que no *Anexo V: Plan TIC* se recolla expresamente que un dos obxectivos dese plan será o de contribuír á normalización do uso do galego no centro mediante a utilización de software na nosa lingua e fomentando a visita e emprego de páxinas galegas na rede.

**47.-** O Consello Escolar de Galicia observa que o Proxecto de decreto polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu conxunto, contén un número excesivo de contidos e que ademais algúns deles se repiten en todos os ciclos.

Tendo en conta esa observación xeral, o Consello Escolar de Galicia recomenda que se estude a posibilidade da súa redución.

O Secretario

Asdo.: José Alejo Losada Aldrey

V. e Pr.  
A Vicepresidenta

Asdo.: Milagros Blanco Pardo